

Expte: 713/2024

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DUN PEÓN (OFERTA EMPREGO 12-2025-2881) AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL CONCELLOS 2025.

Na Casa do Concello de Moeche, sendo as 09:00 horas do día 09 de abril de 2025, reúnense:

Presidente: M.^a Raquel Novo Montes, funcionaria do Concello de Moeche.

Secretaria: Cristina Sueiras Rodríguez, funcionaria do Concello de Moeche.

Vogais:

María Pilar Pazo González, persoal laboral fixo do Concello de Moeche

Daniel Feijóo Ferreiro, persoal laboral fixo do Concello de Moeche.

Tal e como establecen as bases do procedemento de selección, recibida a listaxe de candidatos e candidatas aos postos, o tribunal valorará as situacións de exclusión laboral, requisitos esixidos nas bases do Programa PEL-CONCELLOS 2025, solicitando se fose necesario informes dos Servizos Sociais municipais. Na valoración dos méritos terase en conta o currículo vitae que achegue o Servizo Público de Emprego, segundo as seguintes puntuacións:

8^a.- Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Constará de dúas fases :

A) FASE DE CONCURSO (puntuación máxima 4 puntos):

Recibida a listaxe de candidatos e candidatas aos postos, o tribunal valorará as situacións de exclusión laboral, requisitos esixidos nas bases do Programa de Integración Laboral, solicitando se fose necesario informes dos Servizos Sociais municipais. Na valoración dos méritos terase en conta o currículo vitae que achegue o Servizo Público de Emprego.

Valoración de méritos

1. Circunstancias persoais e familiares: puntuación máxima 1 punto.

Mulleres

Persoas desempregadas de longa duración (para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un ano como demandantes de emprego)

Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego /ingresos

Persoas maiores de 45 anos

Persoas vítimas de violencia de xénero

Persoas con discapacidade

Persoas en situación de drogodependencia,

Persoas en fogar monoparental/monomarental

Persoas sen fogar

Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

Por ter fillos menores a cargo



0,50 por cada situación

2. Formación relacionada co posto de traballo: puntuación máxima 2 puntos.

2.1 Pola súa participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, e con acabado favorable relacionados co posto de traballo: 0,50 puntos

2.2 Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, organismos oficiais dependentes de calquera Administración Pública ou homologados por esta.

- a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,10 puntos.
- b) Por cada curso de 31 a 100 horas: 0,25 puntos.
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas: 0,50 puntos.
- d) Por cada curso de mais de 200 horas: 0,70 puntos.

2.3- Pola posesión doutros carnes especiais (palista, maquinista, guindastre), no caso do condutor: 0,20 por cada un.

3.- Experiencia laboral, ata un máximo de 1 punto

Para o caso do condutor tractorista valorarase a experiencia laboral relacionada directamente co posto que así figure no cv enviado polo Servizo Público de Emprego.

B) FASE OPOSICIÓN (puntuación máxima 6 puntos)

Posto de oficial de segunda : consistirá na realización dunha proba práctica de manexo do tractor desbrozadora e/ou manexo do camión do lixo.

Posto de peón: consistirá na realización dunha proba práctica de manexo de útiles, ferramentas e maquinaria agrícola e forestal relacionadas coas funcións do posto de traballo a desenvolver e que se especifican nestas bases (ferramentas manuais e/ou manexo de maquinaria e/ou vehículos municipais).

O día, hora e lugar de celebración da proba práctica da fase de oposición será publicada na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Previamente será publicada a lista coa valoración dos méritos da fase de concurso. Quedarán excluídas do proceso aquelas persoas que non se presenten á fase de oposición

9ª Resolución

A puntuación total dos participantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Edictos do Concello e na paxina web do Concello, e elevara dita relación á Alcaldesa-Presidenta que aprobará a relación de persoas candidatas que superaron a selección.

10ª: Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento

Concluídas as probas o tribunal fará pública a relación de aspirantes ao posto de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web, os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes.

Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o numero de prazas vacantes convocadas.



Os aspirantes propostos achegarán a Administración, dentro do prazo establecido de 2 días hábiles, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente. Ademais achegarán o certificado de delitos de natureza sexual. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Segundo o determinado nas bases, o tribunal fai a valoración da **fase A de concurso para o posto de peón**, sendo os resultados os seguintes:

Candidata/o	Total
CAAVEIRO BELLAS ANTONIO	1,00
GARCIA BELERDA IGOR	2,40
PICOS FERNANDEZ BEATRIZ	1,00
RODRIGUEZ VARELA SONIA	2,30

Concluída a fase de concurso, o tribunal cualificador acorda que, a **proba práctica da fase de oposición para o posto de peón queda fixada para o día 14/04/2025 ás 12:30 h**. As/os candidatas/os deben presentarse no Concello de Moeche co seu DNI o día e hora indicados para a realización da proba práctica. Segundo o especificado nas bases a fase de oposición para o posto de peón consistirá na realización dunha proba práctica de manexo de útiles, ferramentas e maquinaria agrícola e forestal relacionadas coas funcións do posto de traballo a desenvolver e que se especifican nestas bases (ferramentas manuais e/ou manexo de maquinaria e/ou vehículos municipais).

Moeche, (na data da sinatura dixital)

Os/as membros do tribunal.

Presidenta, vogais e secretario.

